

XII CONCURSO CANTO E PERCUSIÓN TRADICIONAL TRASPÉS

19 MAIO
2024

ORGANIZA

traspès 
ASOCIACIÓN CULTURAL

WWW.TRASPES.COM

BASES

1. Neste concurso poderán participar grupos de asociacións sen ánimo de lucro (xovenís, culturais, artísticas, recreativas, folclóricas, de veciños, centros parroquiais, ANPAS, etc.).
2. Constará dunha única modalidade: grupos de pandereteir@s.
3. Os grupos poderán ser femininos, masculinos ou mixtos.
4. Cada membro participante non poderá concorrer en máis de dúas agrupacións.
5. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego.
6. A peza a interpretar deberá ser tradicional.
7. Cada agrupación participante terá un tempo límite de 5 minutos, o grupo que exceda dito tempo quedará descualificado.
8. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como as decisións do xurado designado, que serán inapelables.

CATEGORÍAS

1. A modalidade distribúese en tres categorías:
 - a. Categoría A: ata os 11 anos
 - b. Categoría B: de 12 a 16 anos
 - c. Categoría C: de 17 anos en adiante
2. As categorías determinaranse pola media de idade dos compoñentes, e ningún deles poderá superar o límite da mesma en máis de dous anos.
3. A organización resérvase a posibilidade de suprimir algunha categoría no caso de que non se alcance o mínimo esixido (mínimo 5 grupos por categoría).



XURADO

1. No momento da cualificación, o xurado terá en conta:
 - Autenticidade da peza
 - Dificultade da mesma
 - Afinación e interpretación
2. O xurado poderá descualificar a calquera intérprete que non atinxa as bases e/ou normas do concurso.
3. O xurado estará formado por tres persoas de recoñecido prestixio no eido do folclore tradicional, e os seus fallos e acordos serán inapelables.
4. O xurado terá a liberdade de esixir o DNI ou libro de familia de calquera participante.
5. O xurado estará nomeado e elixido pola Asociación Cultural Traspés.
6. O xurado non poderá deixar ningún premio deserto.

PREMIOS

1. Os premios serán os seguintes:

· **Categorías A e B:**

1º Premio: trofeo e 300 €

2º Premio: trofeo e 150 €

3º Premio: trofeo

Accésit de vestiario en cada categoría: vale por valor de 50 €

· **Categoría C:**

1º Premio: trofeo e 1.000 €

2º Premio: trofeo e 500 €

3º Premio: trofeo e 250 €

Accésit de vestiario: vale por valor de 150 €

2. Os premios faranse efectivos a través de transferencia bancaria, polo que os grupos premiados deberán emitir factura co importe do premio correspondente e o número de conta da entidade no prazo máximo dun mes a contar desde o día da celebración do certame, a nome da Asociación Cultural Traspés, e enviala vía correo electrónico a traspes@traspes.gal.



INSCRICIÓN

1. O prazo de inscrición rematará o día 1 de maio. Para inscribirse débese enviar debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta ao correo electrónico **traspes@trapes.gal**.
2. Haberá un límite de agrupacións por categoría que serán rexistradas no concurso por rigorosa orde de inscrición.
3. A peza a interpretar terá que ser a mesma que figura na folla de inscrición.

DATA

1. O concurso terá lugar o 19 de maio no Auditorio do Teatro Afundación Vigo.
2. Desenvolverase ao longo de todo o día, mañá e tarde, incluíndo a entrega de premios correspondente.
3. A hora de presentación, a orde e as normas serán enviadas previamente ao concurso vía correo electrónico.
4. O horario do concurso estará condicionado polo número de participantes e será comunicado aos grupos xunto coa orde de actuación unha vez feito o programa.
5. Os horarios serán enviados, como mínimo, unha semana antes da celebración do certame.